

ANUNCIO CONVOCATORIA 2 MESA CONTRATACIÓN E ACTO PÚBLICO (ABERTURA SOBRE “B ”).-

Faise público que para o vindeiro 24 de abril de 2018, está convocada Mesa de Contratación e Acto Público para o asunto que se expresa, co contido seguinte:

“ASUNTO: CONTRATACIÓN DA EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFETERÍA DA PRAIA DA FROUXEIRA E MANTEMENTO DOS ASEOS PÚBLICOS PRÓXIMOS Á MESMA E Ó APARCAMENTO CENTRAL

En uso das atribucións conferidas a esta Presidencia polo artigo 19 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, e en relación co disposto na disposición adicional segunda do RD 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de Contratos do Sector Público e normativa concordante e punto 14 do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a adxudicación, polo trámite ordinario procedemento aberto, co prezo coma único criterio de adxudicación do contrato citado no encabezamento, pola presente veño en convocar **SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN** (na que Vostede actuará como Vogal), que se celebrará na Sala de Xuntas da Casa do Concello o **vindeiro MARTES día 24 de ABRIL /2018 ás 10 HORAS para:**

*.- Comprobación da documentación presentada polas empresas licitadoras que foron requeridas para que subsanasen en relación ao contido do sobre “A” e determinación de si se axustan ou non aos criterios de selección.

*.- Pronunciamento expreso sobre os admitidos á licitación ou excluídos e sobre as causas de exclusión.

E convocatoria, de ACTO PÚBLICO para o mesmo día MARTES día 24 de ABRIL /2018 ás 10 HORAS , 30 MINUTOS para:

*.- Dar conta do actuado pola Mesa de Contratación e do resultado da mesma no día de hoxe.

*.- Apertura do sobre “B”.- Oferta económica e lectura da oferta.

Nota: Os pregos de cláusulas que rexen a contratación atopanse expostos no perfil do contratante (www.concellodevaldovino.com).

En Valdoviño a 19 de abril de 2018
O Alcalde,

Asdo.: Alberto González Fernández